

# LeTRaS

Edita:
CEIP Manuel Luis Acuña

Autores:
María Ambrosio Gil
Ian de la Iglesia Rodríguez
Lucas Nascimento Dos Santos
Kira de la Iglesia Rodríguez
José Manuel Fernández Ruiz
Salaheddine El Khorroubi
Daniel Célix Fernández
Iria Seoane Cid

Coordina:
Daniel Pascual Feijoo
profe.dani@hotmail.com


LeTRaS

# A historia de Trarrotro

R, RR e TR



Ó saír do traballo un tipo chamado Trarrotro foi a pasear ó can, tropezou e rompeuse o xeonllo. Doialle tanto que tivo que tragar moitas medicinas.

Cando se recuperou, foi a un zoo de visita, alí viu un elefante dándolle un trompazo a un rato.



Outro día tratou de facer unha empanada de carne e colleu o rodete e a fariña pero saiulle mal e tivo que volver a empezar. Volveu á tenda a por máis fariña e desta vez saiulle ben. Chamou ó seu amigo Trotreiro e comeron a empanada xuntos.



Trotreiro, amigo de Trarrotro, era corredor. Un día ía a unha carreira

pero mirou o tempo e viu que había unha borrasca. Entón, quedouse na casa e viu unha ra dentro do seu salón. A ra púxose encima dunha rosa e Trotreiro intentou collela pero

pinchouse o dedo coa rosa. Cando aínda non se recuperara do susto,



viu a unha rata entrando no salón. Desesperado pola situación chamou ós exterminadores e foise á casa do seu amigo Trarrotro

a comer a empanada que sobrara do outro día.
Viron pola tele como os demais corredores marchaban para casa.

A carreira fora suspendida polas fortes choivas provocadas pola borrasca.



Trolitrano era o irmán de Trarrotro e amigo de Trotreiro. Cando chamaban á porta el sempre estaba protexendo á súa familia cun trabuco e unha serra. El ía moi elegante cun traxe que tiña unha rosa.



Unha vez foi á aldea a por perdigóns para o trabuco e case se choca cun tractor, cando chegou á aldea déronlle un tarro cheo de perdigóns.



Á volta viu a un neno chorando, cun carro en forma de trapecio invertido e Trolitrano preguntoulle que lle pasaba. O neno respondeulle que se perdera e entón el dixolle que se subira ó coche e preguntoulle por onde vivia.



Levouno a casa e esperou a que os seus pais lle abriran a porta para asegurarse de que estaba ben e foise a casa para protexer a súa familia.

Unha vez Trerritro, amigo dos tres, foise de viaxe no tren cunha raqueta e unha pelota de tenis, froita, roupa e o seu can.

Despois, cando case chegara ó seu destino, descarrilou e tiveron que chamar á grúa. A grúa puxo o tren no seu sitio e seguiu o seu camiño.



Antes de chegar a grúa, subira unha ra ó tren. Trerritro viuna e botouna do tren.





Trerritro chegou ó seu destino e despois un carro golpeouno e levárono ó hospital para curalo, logo foise a súa casa de vacacións e alí quedou todo o verán.

Trerritro, Trotreiro, Trolitrano, Trarrotro e as súas familias decidiron ir de viaxe á praia.



Cando era o día de marcharse foron ó aeroporto a coller o avión para ir a Vigo pero cando estaban a piques de despegar a azafata anunciou que o vo ía cara Madrid, quixeron baixar pero era demasiado tarde.

Despois de tomar terra en Madrid colleron outro avión para regresar e poder coller o avión que saía para Vigo ás tres e media.




Aterraron en Vigo ás catro trinta e as catro e trinta e cinco saía o seu barco para ir ás Cíes, polo que non chegaron e tiveron que facer noite en Vigo.

Finalmente á mañá seguinte viaxaron no barco e chegaron ás Cíes onde pasaron uns días marabillosos na praia máis fermosa do mundo.

# Frases rotundas

Ó arpista caéronlle as bágoas do son bonito da arpa.

A árbore precisa oito regras de un metro para ser medida..



O arqueiro disparou tres frechas co arco.

O médico colleu unha escaleira para cambiar a bombilla.



Un dromedario viu pasar un tren diante dun castro.

Un neno foi primeiro a unha droguería e despois a unha cuadra tranquilo.




Atopa no debuxo nove
cousas que teñan o son
R forte

# Frases rotundas



Arranxaron o timón do barco cun martelo.

A nai dese neno viu catro ras nun faro.

O meu pai, mentres ia no tractor, viu a unha rata e a un caracol.

O señor levaba un traxe a cadros e un caramelo



Nun conto un dragón laranxa atopou un tarro de trigo.

O crocodilo deulle co rabo a un xirasol case con forma de triángulo.



# TRABALINGUAS



Unha ra rara, brincaba
ata a cara de Sara,
para Sara quitarse a ra rara,
Sara brincaba.





Pedro tiña un reto,
era correr detrás dun reno,
pero o pelo do reno
parecía un can con pelo.

# Frases rotundas

A ese neno escapóuselle co vento unha carta ata un farol.

O frade viu un libro de cremalleiras e tamén viu un tranvía, cando ía pola pradeira case atropela a un mandril.

O transmisor decatouse de que ían a extraer os bolígrafos verdes.

Pedro ía nun triciclo con trasnos debuxados.

O meu padriño foi primeiro ó traballo.





Cantiga do R

Rato que te pilla o gato

Rato cunha rede e zapato

Rato tres unha risa fermosa

Rato mais non esperes cal a

rosa Rato aproveita e da

fruta Rato non pases

pola miña ruta

ra, re, ri, ro, ru

corre rato corre

rarre, ri, ro e ru

quen non corre morre



# CANTIGA DO R

Rato, que te pilla o gato
rato, cunha rede e un zapato
rato, tes unha risa fermosa
rato, mais non esperes unha rosa
rato, aproveita e desfruta
rato, non pases pola miña ruta.





ra, re, ri, ro e ru
corre rato corre
ra, re, ri, ro e ru
quen non corre morre

pasar, pasar agacharse
e brincar pasar, pasar
e volver a pasar, pasar,
pasar, caír e esperar.
Pasar, pasar, coa suor do
calor, pasar, pasar, polo
norte a maior
pasar, pasar polo sur
a menor. Oír, ver, ir, crer
espertarse ó amencer
oír, ver, ir, ir, oír e ir
para escapar e correr



Pasar, pasar, agacharse e brincar
pasar, pasar, e volver a pasar,
pasar, pasar, sair e esperar.

Pasar, pasar, coa suor do calor
pasar, pasar, polo norte a maior
pasar, pasar, polo sur a menor.



ar, er, ir, or e ur
espertarse ó amencer
ar, er, ir, or e ur
para escapar e correr




Había un neno que non sabía nada, non sabía ler, nin escribir, tampouco sabía o seu nome nin onde vivía.




O neno foi á escola e aprendeu moitas cousas.




Un día dixéronlle que había unha escola na que aprendían ós nenos




Cando foi maior converteuse en astronauta e viaxou polo espazo exterior.




CANTIGA DO L

Alá xunto ó lago
vin un león enfadado
cunha lila no rabo.
Púxolla un loro morado
que estaba na lúa pousado.



la, le, li, lo, lu
a cantiga do ele
cántala tu
la, le, li, lo, lu
a cantiga do ele
sentado co cu

sentado co chan

o colexión da miña tía

está feito cun mantel e fácil

que algún día cun golpe do

pincel debuxe a Virxe María

e faga pulseiras de papel

al, el, il, ol, ul

a cantiga do ele vestida

de azul al el il ol ul

a cantiga do ele

bailando nun baile





O calcetín da miña tía
está feito cun mantel,
é fácil que algún día,
cun golpe de pincel
debuxe a Virxe María
e faga pulseiras de papel.

al, el, il, ol, ul,
a cantiga do ele
vestida de azul
al, el, il, ol, ul,
a cantiga do ele,
bailando nun baúl.

# Letra S

# Un conto Simpático

Un día Laura, Hiba e María comeron chuches na rúa de Marcelo Macías cando ian de paseo ata o xardín do Posío.
Alí viron un castelo inchable e, como non había ninguén, puxéronse a saltar.





Dentro do castelo viron un zapato. Laura puxo o zapato, pero non lle servía. Ó quitalo notou que na sola había un verme. Laura puxo o verme no chan e este escapou para que non o pisaran.



As tres chicas fóronse camiñando,
encontraron tres cadeiras e
sentáronse. María tiña tres coroas
que se ían a por para converterse
ñas raíñas do xardín do Posío. Hiba
colleu o saco no que María traía as
coroas pero había un abesouro,

Hiba soltou
o saco e as
tres escaparon
a casa correndo
para que non
lles picara.



Ó pasar ó lado da gasolineira déronse conta de que había gasolina no chan.





Chamaron á policia para
que levaran ó
culpable ó
cárcere e ós
bombeiros para
que limpasen a gasolina
por si acaso había un incendio.



Voltaron a casa cansadas pero
contentas pola aventura
vivida..



FIN



Silvia sentiu
medo coas serpes
seseantes.



Eses osos
dormen sestas
de máis de seis
horas, as veces
de varios meses.



Luis escribe historias fantásticas de dragóns simpáticos que botan lume.





FRASES SOPRANTES

# Contidos

A historia de Trarrotro

Frases Rotundas 1

Atopa as palabras con R forte

Frases Rotundas 2

Trabalinguas con R

Sopa de Letras

Frases Rotudas 3

Cantiga do R

Cómic

Cantiga do L

Un conto Simpático

Frases Soprantes



Este libro nace do traballo dos alumnos para mellorar a fala e a articulación dos fonemas S, L, R e os seus sinfóns. Sen pretender ser unha obra literaria, parécenos unha forma divertida de traballar tales aspectos.